

BASES E CONVOCATORIA DO XXXIII PREMIO NACIONAL DE XORNALISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”

Expediente: 1300/2026

O Concello de Lalín (Pontevedra) en colaboración coa Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, asociacións gastronómicas galegas e a Axencia Turismo de Galicia (Xunta de Galicia), convoca o XXXIII PREMIO NACIONAL DE XORNALISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”, recoñecido como o premio gastronómico máis importante do Estado.

Esta subvención rexeráse polo establecido na presente convocatoria, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado polo Real Decreto 886/2006, do 21 de xullo, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e nas restantes normas de dereito administrativo que, se for o caso, sexan de aplicación e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O procedemento para a concesión desta subvención será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das publicacións presentadas co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado na base quinta, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos criterios da base sétima.

Primeira. Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos que regularán a concesión do XXXIII PREMIO NACIONAL DE XORNALISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”.

La finalidade desta subvención é a de fomentar a difusión da cociña galega premiando o labor realizado por xornalistas e escritores/as que prestaron especial atención a dita temática, así como, por ampliación do Premio Nacional de Xornalismo. Os premios concederanse nas seguintes categorías:

- **Traballo xornalístico** (artigos, reportaxes tanto en prensa escrita como noutros medios de comunicación -radio, televisión-, así como xornalismo dixital e medios multimedia).
- **Traballo académico.**

A percepción destes premios é compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso, premio e recurso para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e de organismos internacionais.

Segunda. Beneficiarios

Poderán formar parte do concurso os/as escritores/as, xornalistas e particulares que publicasen, segundo corresponda dentro de cada categoría, o seguinte:

- **Xornalismo:** traballos de características xornalísticas publicados en medios de comunicación tradicionais, tanto escritos como audiovisuais: prensa escrita, radio, televisión. Inclúense, por tanto, artigos, libros, traballos de investigación, entrevistas, reportaxes, viñetas, documentais, e outros. Inclúese nesta categoría o xornalismo dixital: publicacións en medios dixitais, como blogs, podcast, medios interactivos multimedia, innovación ou outros novos formatos multimedia.
- **Traballo académico:** nesta categoría poderán tomar parte os/as estudantes do Grao de Xornalismo, Publicidade e Comunicación Audiovisual de calquera universidade que presenten os seus traballos académicos relacionados coa gastronomía. Ademais, poderán presentarse os titulados nos dous anos inmediatamente anteriores, para o cal deberán presentar o título universitario e a data de expedición deste.

Os traballos deberán estar realizados en galego, castelán ou calquera outro idioma comunitario, nos distintos medios de comunicación (prensa, radio, televisión, redes sociais e publicacións), sobre temas relacionados coa gastronomía galega en particular e a gastronomía en xeral, nos últimos dous anos.

Não poderán ser premiados os/as gañadores/as das cinco edicións inmediatamente anteriores, en ningunha das modalidades.

En ningún caso poderán adquirir a condición de beneficiarios/as os que se atopen en calquera das circunstancias recollidas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Terceira. Requisitos

1. Únicamente se poderá presentar unha obra por autor/a, en cada modalidade. Cada autor/a poderá presentarse unicamente nunha categoría.
2. As obras presentadas serán as descritas nos apartados anteriores: artigos, libros xornalísticos, entrevistas, reportaxes, traballos de investigación, documentais, viñetas, fotografías, comentarios, e outras propostas dos participantes que a criterio do xurado poidan ser incluídas na categoría á que opta.



E os/as autores/as garantirán o seguinte:

- a) Deberán inscribirse de xeito obrigatorio en calquera dos xéneros xornalísticos.
 - b) Poderán estar escritos en galego, castelán ou calquera outro idioma comunitario.
 - c) Publicados en distintos medios de comunicación (prensa, radio, televisión, redes sociais, publicacións ou outros medios dixitais) nos dous últimos anos.
3. As obras versarán sobre temas relacionados coa gastronomía galega en particular e a gastronomía en xeral.
 4. As obras non poderán ter sido premiadas con anterioridade en ningún outro concurso nacional ou internacional, nin terse presentado a ningún outro certame cuxo fallo deba producirse antes da resolución da presente convocatoria.
 5. Poderán presentarse autores/as que xa fosen premiados/as nos Premios de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro, sempre que transcorrese un mínimo de 5 anos desde a concesión deste galardón.
 6. Non ter cedido a terceiros os dereitos de autor da obra.
 7. As/os beneficiarios/as deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.
 8. Deberán presentar, xunto coa inscrición ao premio, a declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei de Subvencións. Anexo I das bases.
 9. É requisito imprescindible para obter o premio acudir á entrega do galardón.

Cuarta. Solicitudes, prazo, lugar e forma de presentación

1. Os traballos presentaranse, ben polo seu autor/a ou ben por terceiras persoas o entidades, a través dunha instancia xeral debidamente cumprimentada e asinada, que deberá ir acompañada de:
 - Un exemplar orixinal da proposta presentada, en formato dixital na Sede electrónica do Concello de Lalín ([<https://lalin.sedelectronica.gal/info.0>] (<https://lalin.sedelectronica.gal/info.0>)), instancia xeral; indicando na solicitude “PARA O PREMIO DE XORNALISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO” así como a categoría á que concorre (xornalística o académica) e deberá ir dirixida ao Alcalde - Presidente.



- No caso de libros ou outro soporte que así o permita, tamén poderán presentarse de forma física a través do Rexistro Xeral do Concello de Lalín (Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín), por correo postal o de forma presencial. É imprescindible e condición necesaria que la presentación en formato físico/papel vaia acompañada da correspondente copia en soporte dixital (USB, DVD, CD ou similar) ou, se for o caso, dunha ligazón de descarga que permita efectivamente a mesma. En casos de presentación física deberán entregarse seis exemplares do traballo a concurso así como un escrito dirixido ao Alcalde - Presidente do Concello de Lalín co nome, datos persoais, teléfono de contacto e currículo do autor/a (se for o caso, tamén da persoa que presenta o traballo).
- Os traballos académicos presentados polo alumnado do Grao de Xornalismo, Publicidade e Comunicación deberán estar acreditados academicamente por un/unha docente do centro de estudos no caso de estudantes que cursan estudos. Se xa finalizaron a titulación nos dous anos anteriores, poden presentarse nesta categoría, e neste caso non necesitan a acreditación docente, pero si presentar o título universitario e a data de expedición deste.
- Escrito dirixido ao Alcalde - Presidente do Concello de Lalín co nome, datos persoais, teléfono de contacto, declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.1 e 13.2 da Lei Xeral de Subvencións (conforme o anexo I publicado na páxina web www.lalin.gal) e currículo do/a autor/a (se for o caso, tamén da persoa que presenta o traballo).

En calquera caso, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O prazo para a presentación dos traballos comezará ao día seguinte ao da data da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións e finalizará o día 30 de novembro de 2026. En todo caso, se o envío se realiza por correo postal, terase en conta a data que figure no selo postal.

Quinta. Concesión e premios

Os premios, por un importe total de 5.000,00 €, convócanse con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0.334.48100 do Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2027.

- Traballo xornalístico (4.000,00 €): ao mellor traballo xornalístico, ao que poderán concorrer os traballos publicados en medios de comunicación, tanto escritos como audiovisuais; así como libros, traballos de investigación, entrevistas, reportaxes, documentais e outros.
- Mellor traballo académico (1.000,00 €).



O Concello de Lalín poderá esixir a identificación da personalidade dos/as premiados/as, que deberán recoller os premios no acto que se organice para o efecto.

O Concello resérvase o dereito a convocar os premiados en calquera das categorías para formar parte do xurado na seguinte edición.

O Concello de Lalín resérvase os dereitos legais de utilización do traballo gañador na categoría de estudantes.

Polo que se refire á existencia de crédito para facer fronte ao custo total do servizo, tal e como sinala o artigo 174.1 do TRLRFL, a realización do gasto plurianual queda subordinada al crédito que para cada un dos exercicios autoricen os respectivos orzamentos do Concello, sen que o órgano xestor poida recoñecer obrigas por importe superior ao crédito autorizado.

O Concello de Lalín requirirá ao autor/a ou autores (ou á persoa que presenta o traballo) do traballo premiado o orixinal da obra ou calquera outra certificación que se considere oportuna para garantir que foi publicado e/ou emitido a través dun medio de comunicación segundo os requisitos estipulados na Base Terceira.

Sexta. Forma de pago

O pago dos premios aprobarase mediante acordo da Xunta de Goberno e reflectirá o fallo do xurado.

Antes de proceder ao pago, a persoa premiada deberá presentar no Rexistro do Concello de Lalín certificación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia. O concello poderá comprobar a situación de débeda coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria previa autorización expresa por parte do interesado. Non obstante, a certificación de ausencia de débeda coa Axencia Tributaria de Galicia deberá ser acreditada expresamente polo propio interesado. O Concello comprobará de oficio que a persoa premiada se atopa ao corrente de pago das obrigas tributarias coa propia entidade.

Non se poderá realizar o pago do premio en tanto a persoa á que se lle concedeu non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social ou de calquera outro ingreso de dereito público, ou se teña ditado contra os mesmos resolución de orixe de reintegro, mentres non se satisfaga ou se garanta a débeda do xeito previsto na normativa.

O abono do premio farase efectivo polo importe íntegro, unha vez deducida a carga tributaria correspondente.



Sétima. Procedemento de concesión e criterios de valoración

A concesión de premios ao abeiro destas bases reguladoras farase conforme os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, mediante a comparación das solicitudes presentadas.

O procedemento de concesión dos premios será mediante concorrencia competitiva e iniciárase de oficio coa convocatoria pública aprobada polo órgano competente e publicado o extracto no BOP de acordo co establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os traballos premiados poderán ser citados, se se trata de traballos escritos, ou reproducidos total ou parcialmente no caso de artigos xornalísticos ou traballos audiovisuais, polo Concello de Lalín, facendo constar sempre o nome do seu autor.

Ademais, as persoas participantes no concurso renuncian a reclamar as copias ou os exemplares presentados.

Para a concesión destas distincións, o xurado seleccionará os traballos que considere merecedores dos premios tendo en conta a súa calidade xornalística, difusión da gastronomía galega, potenciación da nosa cultura e considerando como un valor engadido que se faza referencia ao Cocido de Lalín. Valorarase especialmente a calidade narrativa e estilo, o rigor xornalístico e as fontes, a orixinalidade no enfoque, o impacto social ou cultural, calidade visual e sonora. Teranse en conta criterios de valoración específicos para soportes dixitais como a innovación, ou a expresividade gráfica, composición visual e orixinalidade para a mellor fotografía.

Adicionalmente, o xurado poderá incorporar as súas propostas para as diferentes categorías a tenor da solvencia do seu criterio.

Oitava. Instrucións do procedemento de concesión

A instrución do procedemento corresponderalle ao técnico/a municipal designado para tal efecto e comprenderá a realización de oficio de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan os premios, de acordo co establecido na convocatoria.
- Emitir informe no que conste que, coa información que obra no seu poder, se desprende que os solicitantes propostos como premiados cumpren todos os requisitos necesarios para acceder aos mesmos.
- Formular proposta de resolución á vista da acta do xurado.



O xurado nomeado para o efecto estará formado por xornalistas de medios de comunicación de Galicia e representantes das institucións colaboradoras nomeados polo Concello de Lalín.

A designación dos membros del xurado realizarase en cada convocatoria e a persoa que ostente a Presidencia poderá designar persoas con experiencia na materia obxecto do premio para que asesoren ao xurado.

Os membros do xurado non poderán, en ningún caso, participar neste concurso.

O fallo do xurado será inapelable.

O xurado reunirase unha vez revisados todos os traballos seleccionados para emitir o fallo, que se dará a coñecer publicamente nun acto programado para tal efecto con anterioridade á celebración da LIXª Feira do Cocido.

Novena. Resolución

O órgano competente, previo informe da intervención municipal, resolverá a aprobación dos premios. A resolución será motivada e conterá o/a solicitante ao que se lle conceda o premio, con indicación do nome da obra e da contía do premio, facéndose constar a desestimación do resto das solicitudes. Indicarase a puntuación outorgada a cada unha das solicitudes presentadas en función dos criterios de valoración establecidos nas bases. Tamén se recollerá na resolución se o xurado declara deserto algún dos premios.

As notificacións levaranse a cabo de acordo co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución da concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima. Reintegro do premio e réxime sancionador

Procederá a revogación do premio e, se for o caso, o reintegro das cantidades percibidas, coa esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago ata a data en que se reintegren voluntariamente os fondos percibidos ou se acorde polo órgano competente a orixe do reintegro, cando concorra calquera das causas de reintegro tipificadas na normativa vixente, e especialmente as dos supostos en que se incumpran as condicións do artigo terceiro da convocatoria.



Os/as beneficiarios/as dos premios quedarán, en todo caso, sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Undécima. Protección de datos

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter personal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia:

- **Responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes:** Concello de Lalín.
- **Finalidade:** a da súa recollida e tratamento na instrución do procedemento para a concesión dos premios obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento.
- **Destinatarios:** poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán cederse en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan co fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
- **Lexitimación:** a base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.
- **Dereitos:** as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro –Concello de Lalín–. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd@lalin.gal.

Disposición adicional única

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;



as bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Disposición final única

O feito de participar no concurso significa a aceptación das presentes bases, cuxa interpretación última corresponde ao xurado, tanto polos autores como polos presentadores, e considérase que existe acordo mutuo entre ambos cando non sexan a mesma persoa.

A concelleira delegada de Turismo e Cultura Begoña Blanco Blanco



DECLARACIÓN RESPONSABLE do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei de Subvencións XXXIII PREMIO NACIONAL DE XORNALISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”

Nome e apelidos:

DNI:

Domicilio:

Poboación:

Código postal:

Teléfono:

Correo electrónico:

DECLARO:

1. Que me encontro na situación que fundamenta a concesión da subvención ou na que concorren as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.
2. Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
3. Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar declarado en concurso, salvo que este adquirise a eficacia dun convenio, estar suxeito á intervención xudicial o non ter sido inhabilitado conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
4. Non ter dado lugar, por causa da que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
5. Non estar incurso en algún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, de la Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas, ou non tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
6. Encontrarme ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.



7. Non ter la residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
8. Encontrarme ao corrente no pago das obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
9. Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme á Lei de Subvencións ou outras leis que así o establezan.

Lalín, ____ de ____ de 202__

Asinado:

L

A

M

N

